



PLAN LECTOR

CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez

Outubro 2023

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA

3.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN LECTOR DE CENTRO EN RELACIÓN A TRES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

- AO ALUMNADO
- EN RELACIÓN AO CENTRO E O PROFESORADO
- EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

4.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓN NO CENTRO

- 4.1.- PROFESORADO
- 4.2.- ALUMNADO
- 4.3.- ACTIVIDADES ADAPTADAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO
- 4.4.- FAMILIA
- 4.5.- RECURSOS DO ENTORNO (BIBLIOTECA, CONCELLO, LIBRERÍAS, EDITORIAIS, ENTIDADES SOCIAIS)

5.- RECURSOS PARA APLICAR O PLAN

- 5.1.- SECCIÓN DA BIBLIOTECA NA AULA
- 5.2.- BIBLIOTECA DE CENTRO
- 5.3.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

6.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

1.- INTRODUCCIÓN

A principal fonte de adquisición de coñecementos acerca do mundo fóra da experiencia persoal segue sendo a lectura. É o instrumento que dominado, permite o acceso ao resto das técnicas de estudo (memorización, formas de síntese, reprodución escrita do comprendido, elaboración de traballos, estudo para os exames, etc.). Se a isto engadimos que pode proporcionar un inmenso pracer interior mediante a evasión e a ampliación do mundo que nos rodea, concluiremos que ensinar a ler, e ler comprendendo e fluidamente, é a clave do éxito escolar. A lectura como competencia básica trabállase en todas as materias, como se reflicte nas programacións didácticas. Este Proxecto Lector pretende abarcar todas as dimensións da lectura: a lectura instrumental, a lectura para a aprendizaxe e a lectura como pracer.

Este Proxecto Lector presenta as seguintes características:

- Flexibilidade e adaptabilidade: adáptase ás necesidades e posibilidades do centro en función da súa realidade e contexto.

- Proceso gradual: este Plan presta atención ás distintas etapas educativas (infantil e primaria), xa que o desenvolvemento da competencia lectora debe concebirse como un proceso que esixe un desenvolvemento paulatino por diferentes niveis de logro.

- Diversidade: atende a todas as realidades presentes no centro, entre outras, ao alumnado con necesidades específicas de lectoescritura ou altas capacidades e diferenzas sociolingüísticas.

- Corresponsabilidade: este Plan implica a distintos axentes da comunidade educativa (mestres, alumnado, familias, etc). O desenvolvemento da competencia lectora trascende a calquera área de coñecemento, xa que está en todas e cada unha delas. Ademais supera os límites da escolarización e implica a ámbitos máis alá da propia institución.

2.- XUSTIFICACIÓN LEGISLATIVA

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No Título III, artigo 33, fai referencia ás bibliotecas escolares e á lectura nos seguintes termos:

Artigo 33. Bibliotecas escolares e aproximación á lectura.

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través

das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

A LOMLOE reconece que o fomento do hábito e do gusto pola lectura impacta directamente e de maneira positiva na mellora da comprensión lectora, na capacidade de expresarse, na xestión da información, o pensamento crítico e a aprendizaxe dos novos coñecementos.

3.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN LECTOR DE CENTRO EN RELACIÓN A TRES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.

- En relación ao alumnado:

- a.- Integrar na práctica diaria e en todas as áreas e materias, actividades concretas destinadas á mellora da competencia lectora, respectando os seus ritmos de aprendizaxe.
- b.- Desenvolver a través da lectura habilidades sociais.
- c.- Mellorar a expresión oral.
- d.- Ler de xeito eficaz distintos formatos con intencións múltiples:
 1. Lectura crítica.
 2. Comprensión literal.
 3. Comprensión inferencial.
 4. Análise de contidos.
 5. Lectura en voz alta.
- e.- Desfrutar coa lectura.
- f.- Practicar a lectura de xeito autónomo e en tempo de ocio.
- g.- Empregar as ferramentas e recursos da Biblioteca Escolar e a sección de esta na Aula.
- h.- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación como fonte de consulta e como medios de expresión.
- i.- Participar de xeito activo na dinámica do centro a través da xestión da biblioteca e das actividades programadas.

- En relación co centro e o profesorado:

- a.- Priorizar a aprendizaxe das competencias clave (competencia en comunicación lingüística).
- b.- Establecer espazos de colaboración e de logro de obxectivos comúns.
- c.- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
- d.- Estimular a innovación e investigación.
- e.- Organizar a biblioteca como centro de documentación e recursos e poñela ao servizo de toda a comunidade educativa.

- En relación ás familias:

- a.- Fomentar o uso, a colaboración no seu desenvolvemento e o aprecio dos pais e nais pola biblioteca.
- b.- Favorecer que as nais e os pais se convertan en modelos de bos lectores e axuden a estimular a lectura nos seus fillos no tempo de ocio.

4. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS NO NOSO CENTRO.

4.1 PROFESORADO.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS CON RESPECTO AO PROFESORADO.

- Informarnos sobre a lectura infantil e xuvenil, así como de técnicas para melloralas.
- Elixir axeitadamente os libros para o alumnado (segundo o nivel, os contidos...)
- Seleccionar unha serie de textos para o seu posterior emprego.
- Presentar libros que sexan novidades no momento.
- Achegar á aula libros de varios tipos.
- Visitar a biblioteca do centro.
- Aconsellar libros de lectura para as vacacións.
- Incentivar para traer a aula libros de información.
- Observar contos na pizarra dixital e outros recursos relacionados coas novas tecnoloxías.
- Elaborar uns ítems de avaliación da lectura común.
- Programar horario de lectura.
- Confeccionar un listado dos libros máis valorados polos alumnos/as e os mestres/as.
- Realizar animacións lectoras.
- Organizar a biblioteca de aula.
- Proporcionar o uso da biblioteca do centro.
- Dar a coñecer o fondo de libros da biblioteca.
- Propoñer actividades complementarias sobre algunha lectura traballada na aula.

ACTUACIÓNS

- Preparación de actividades.
- Renovar periodicamente con préstamos da biblioteca a sección da biblioteca no aula.
- Realización de rexistros de lectura.
- Aconsellar plataformas de lectura infantil e xuvenil
- Encontros con autores e ilustradores.
- Animación lectora.
- Ampliación do uso da biblioteca escolar.
- Programacións e actividades complementarias sobre algún libro lido e traballado na clase.
- Lecturas sobre temáticas propostas.
- Elaboración dun panel informativo sobre as normas do uso da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.
- Realización dun inventario da biblioteca de aula.

4.2. ALUMNADO

* CICLO INFANTIL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Fomentar a visita á biblioteca.
- Fomentar e facilitar a participación das familias no centro en todo o relacionado coa lectura.
- Seguir realizando o préstamo de contos a través das “Mochilas Viaxeiras”.
- Disfrutar coa lectura, escoita de contos, narracións e outros textos.

- Valorar a linguaxe escrita como medio de comunicación, expresión, desfrute e información.
- Desenvolver a creatividade a través da invención, da creación de contos...
- Transmitir de forma oral, contos curtos, adiviñas, trabalinguas, xogos...
- Dinamizar a lectura a través da sección da biblioteca na aula...

ACTUACIÓNS

- Crear un grupo de traballo, proxecto ou acordo cos pais e nais para participar contando contos no colexio.
- Facer entender ás familias que o préstamo de lectura é para motivar e desfrutar coa lectura.
- Fomentar as “Mochilas Viaxeiras”.
- Empregar diferentes técnicas para contar contos, coa fin de motivar e atraer aos nenos/as cara a lectura.

*PRIMEIRO E SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Reforzar a través da lectura o coñecemento dos diferentes fonemas.
- Ampliar e adquirir novo vocabulario a través da lectura.
- Adquirir o concepto de comprensión lectora.
- Adquirir conceptos a través de libros de información...
- Presentar o hábito lector como un medio lúdico.
- Aprender a diferenciar entre o cotiá (realista) e o espazo temporal (fantástico).
- Realizar unha introdución gramatical dende a lectura (estrutura e formas verbais).
- Enriquecer artisticamente aos alumnos/as a través de álbumes.
- Fomentar a visita á biblioteca do centro.
- Destinar un tempo específico para a lectura: na aula, en familia, na biblioteca.

ACTUACIÓNS

- Poemas, adiviñas, refráns.
- Fichas de lectura de cada libro.
- Levar a cabo contos orais.
- Comprensión do que se está lendo ou escoitando.
- Recoñecemento de personaxes.
- Ordenar temporalmente os sucesos.
- Diferenciar diálogo de narración.

* TERCEIRO E CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Fomentar a lectura coma un pracer.
- Desenvolver o hábito lector.
- Reforzar a comprensión lectora. personaxes.
- Ordenar temporalmente os sucesos.
- Diferenciar diálogo de narración.
- Ampliar o vocabulario.
- Mellorar a expresión escrita e a ortografía.
- Potenciar e favorecer a lectura dentro e fóra do entorno escolar.
- Introducir ao alumno/a nas novas tecnoloxías en temas relacionados coa lectura.

- Ler diariamente (en grupo e individualmente).
- Acadar que o dicionario forme parte do material do alumno/a e que o utilice nos momentos de lectura.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas con ritmo, pronuncia e entoación axeitados.

ACTUACIÓNS

- Realización de fichas de comprensión lectora.
- Animación lectora.
- Lectura e comentarios de texto, incluídos os de lendas, poesías, refráns, adiviñas, xeroglíficos...
- Actividades de ilustración das lecturas (personaxes, escenas, secuencias...).
- Traballo de lectura silenciosa.
- Traballo de lectura colectiva en voz alta.
- Responder a preguntas de comprensión literal.
- Visitar a biblioteca con asiduidade.
- Elaborar normas de respecto e uso da biblioteca de aula.

*QUINTO E SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Atopar o pracer na lectura.
- Aficionarse á lectura.
- Ler, polo menos, un ou dous libros ao trimestre.
- Ampliar o vocabulario e o coñecemento da lingua.
- Desenvolver a comprensión lectora.
- Empregar axeitadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos (biblioteca do centro e de aula) como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler.
- Recoller noticias de prensa (en formato impreso e dixital).
- Potenciar o uso das TICS na busca de información.
- Memorizar poemas.
- Resumir textos.
- Usar os dicionarios na búsqueda da información.
- Identificar as diferentes partes dun texto.

ACTUACIÓNS

- Lectura na clase todos os días.
- Lectura de textos procedentes dos medios de comunicación social: webs infantís e xuvenís, noticias, entrevistas...
- Uso das bibliotecas, incluíndo as virtuais, para obter información.
- Lecturas silenciosas e en voz alta de obras adecuadas á idade e intereses.
- Participar en actividades organizadas pola biblioteca.
- Colaborar coa biblioteca do centro para coñecer a súa organización e funcionamento.

4.3. ACTIVIDADES ADAPTADAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Atendendo á diversidade do alumnado do centro e en colaboración co Departamento de Orientación adaptaremos as actividades para axustalas as necesidades que se detecten co fin de conquistar un aproveitamento óptimo do proxecto lector.

4.4. FAMILIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Fomentar e facilitar a participación da familia no centro en todo o relacionado coa lectura.
- Orientar sobre fórmulas para un ambiente familiar de animación á lectura.
- Propoñer e facilitar a participación e colaboración en actividades programadas de lectura.
- Implicar a ANPA do centro no plan de fomento da lectura.
- Continuar realizando en infantil as “Mochilas viaxeiras”.
- Crear na casa un hábito de lectura diaria.
- Facilitar información ás familias de recursos dixitais sobre libros e bibliotecas.

ACTUACIÓNS

- Crear un grupo de traballo, proxecto ou acordo cos pais e nais para participar contando contos no colexio.
- Fomentar coas “Mochilas viaxeiras” a posibilidade de crear, inventar e imaxinar historias xunto aos pais e nais.
- Desfrutar e participar das actuacións e os contos.
- Acordar en reunión de principio de curso, incluír na charla cos pais e nais a importancia destes como modelos lectores.
- Xornada de portas abertas da biblioteca para as familias (Libros á solta).
- Elaboración de circulares informativas coa dobre intención de informar e orientar sobre determinadas lecturas, a importancia de ler e como conseguir un ambiente favorable.

4.5. RECURSOS DO ENTORNO (BIBLIOTECA, CONCELLO, LIBRERÍAS, EDITORIAIS, ENTIDADES SOCIAIS).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Informar dende a biblioteca das novidades, de contacontos...
- Organizar visitas á biblioteca para dar a coñecer o servizo público deste espazo escolar.
- Organizar encontros con autores, ilustradores, editoriais...
- Presentar, por parte das editoriais, libros de lectura axeitados aos diferentes niveis.
- Aproveitar as actividades ofertadas polo concello como contacontos, obras de teatro...

ACTUACIÓNS

- Contacontos a cargo de entidades públicas e privadas.
- Autores e ilustradores infantís e xuvenís.
- Apadriñamentos lectores.
- Actividades de animación lectora organizadas polo concello.
- Actividades en colaboración cós Centros de Maiores.

5. RECURSOS PARA APLICAR O PLAN

5.1. SECCIÓN DE BIBLIOTECA NA AULA

A responsabilidade é dos titores/as, especialistas e, no seu caso, do alumno/a encargado ou responsable. O que se propón é o seguinte:

- Primar a calidade sobre a cantidade.
- Elaboración dunhas normas de uso sinxelas e prácticas.
- Realizar exposicións de libros: de información, dicionarios visuais...
- Reservar un recanto para as recomendacións de libros...

5.2. BIBLIOTECAS DE CENTRO

- Estabilidade no equipo de biblioteca.
- Promocionar as novas adquisicións de libros por parte da biblioteca.
- Ampliar a selección de lecturas en galego.
- Equilibrar o numero de exemplares divulgativos con respecto aos libros de ficción.
- Manter o programa de préstamos ás bibliotecas de aula.
- Participar no Plan de Mellora de bibliotecas escolares.
- Formación de usuarios/as.
- Dinamizar en colaboración coas titorías, equipos de coordinación, alumnado e familias.

5.3. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

Para a realización do plan contamos coa implicación de todo o claustro, a coordinación das actividades que farán os responsables encargados da biblioteca e, en especial, a colaboración dos titores/as e os outros Equipos de Coordinación. Non debemos esquecer a todo aquel persoal implicado nesta labor como escritores/as, ilustradores/as, contacontos ou narradores tradicionais (familiares dos alumnos/as), representantes de editoriais, etc.

En canto a recursos materiais:

- Fondos bibliográficos da biblioteca do colexio e das bibliotecas de aula.
- Publicacións periódicas: revistas, cómics, etc
- Plataforma Elbe.2
- Equipamento e demais recursos compartidos no centro educativo.
- Presuposto anual para atender as necesidades da organización e funcionamento da biblioteca.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Un apartado clave do Plan Lector está relacionado coa avaliación da lectura pero tamén, coa avaliación do propio plan, que debe levarse a cabo (ambas actuacións) a través de instrumentos sinxelos, consensuados a nivel de centro e que favorezan o seguimento real das actuacións que se están levando a cabo. Con esta idea propóñense os seguintes instrumentos de avaliación:

- Avaliación da lectura:

√Fluidez lectora. A súa avaliación non é en termos de velocidade lectora. O que pretendemos coa avaliación deste aspecto do proceso lector é que sirva ao alumno/a para que se decate dos seus puntos débiles e fortes. Para lograr isto, propoñemos a aplicación dunha rúbrica que axude a unha avaliación formativa do proceso lector.

Ritmo de lectura/fraseo	Expresividade e entonación	Pausas ao ler	Lectura acentuada de determinadas palabras do texto	Seguridade ao ler
-O estudante le todo o texto con ritmo e continuadamente, prestando atención a tódolos signos de puntuación e dividindo o texto con frases con sentido.	- O estudante le todo o texto cun axeitado cambio de entonación e expresividade, para comprender o que se está a ler.	- O estudante le todo o texto facendo as correspondentes pausas para acabar frases, o atender aos signos de interrogación e admiración.	- O estudante le todo o texto acentuando a lectura de aquelas palabras que lle aportan significado.	- O estudante le todo o texto relaxado e confiado no seu nivel de lectura, e corrixe facilmente calquera erro que comete.
- O estudante le a meirande parte do texto con ritmo, prestando atención aos signos de puntuación.	- O estudante le a meirande parte do texto cambiando axeitadamente a voz e a entonación para buscar o significado.	- O estudante le a meirande parte do texto facendo as pausas que corresponden aos signos de puntuación, interrogacións e admiracións.	-O estudante le a meirande parte do texto resaltando o acento dalgunhas palabras que aportan significado ao mesmo.	- O estudante le a meirande parte o texto de modo relaxado e confiado, e algunha vez amósase confundido cos seus erros.
-A lectura do estudante é unhas veces rápida e outras con pausas inesperadas ao ler.	- O estudante le o texto con cambios no tono e a expresividade, que non se axustan ao significado do texto.	-O estudante fai, en poucas ocasións, as adecuadas pausas cando se atopa signos de puntuación, interrogacións e admiracións.	-O estudante, en poucas ocasións, resalta o acento dalgunhas palabras do texto.	- O estudante amósase a veces nervioso e confundido cos seus erros.
- O estudante le con grandes pausas, ou lendo lentamente as palabras do texto.	- O estudante le o texto dun xeito monótono, sen entonación e expresividade.	-O estudante non fai pausa algunha cando se atopa con signos de puntuación, interrogacións e admiracións	-O estudante non atende a ningunha palabra do texto para resaltar a súa lectura.	- O estudante amósase nervioso ao ler.

A puntuación do estudante vai de 1 a 4, considerando o 1 como menor puntuación e 4 como máxima.

√ Lectura intensiva. Comprensión lectora. A avaliación da comprensión lectora farase a través de diferentes actividades e en función do tipo de texto que esteamos traballando na aula e da área ou materia da que se trate. Pero, un dos principais instrumentos de avaliación será o cuestionario de comprensión que faremos cando elixamos os textos.

√ Lectura extensiva No que respecta á avaliación da lectura extensiva, procuraremos deseñar propostas motivadoras enfocadas ao desenvolvemento das competencias, que integren outras destrezas e que

complementen a tradicional ficha de lectura, tales como breves exposicións orais con apoio das TIC, entre outras.

■ Avaliación do Plan Lector Para o seguimento do Plan Lector, empregaremos unha rúbrica de observación que nos permitirá, de maneira sinxela pero precisa, valorar o desenvolvemento dos distintos aspectos que conforman o Plan Lector.

ESCALA DE OBSERVACIÓN										
GRADO DE CUMPRIMENTO										
1	A lectura trátase segundo unha proposta común en tódalas materias.									
2	A lectura trátase segundo unha proposta común en tódolos niveis.									
3	Fanse accións que interrelacionan lectura e oralidade.									
4	Fanse accións que interrelacionan lectura e escritura.									
5	Fanse accións que interrelaciona lectura e linguaxe visual.									
6	Fanse lecturas en tódalas linguas do centro.									
7	As medidas propostas contemplan a transición entre etapas.									
8	Apréndense estratexias explícitas de lectura.									
9	Aplíanse as estratexias lectoras nas lecturas diarias das materias.									
10	Fanse accións de lectura en voz alta.									
11	Fanse accións de confrontación con outras lecturas.									
12	Fanse accións de busca de información.									
13	Téñense en conta textos continuos e discontinuos.									
14	Inclúense hipertextos nas accións da aprendizaxe lectora.									
15	Inclúense documentos audiovisuais na aprendizaxe lectora.									
16	Avalíase e mellora a eficacia lectora.									
17	Faise fomento da lectura entre o profesorado.									
18	O profesorado transmite o seu aprecio pola lectura.									
19	Faise fomento da lectura entres as familias.									
20	Programáanse actividades complementarias en torno á lectura.									

A escala de valoración irá do 1 ao 10, en donde o 1 representa que non se logra e o 10 que está plenamente acadado. A avaliación será levada a cabo por cada titor na súa aula e o plan en xeral polo coordinador da biblioteca.